

EFFECTOS DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS

1.- En relación ás comunicacións previas de obras presentadas infórmase que, o transcurso do prazo de quince días hábiles sen que o Concello declare completa a documentación presentada, ou requira a emenda das deficiencias que presente a documentación, non habilita para o inicio dos actos de uso de solo e subsolo se a comunicación presentada non cumpre con todos os requisitos esixidos pola normativa de aplicación, requisitos que, o interesado na súa comunicación, manifesta que cumpre baixo a súa responsabilidade.

2.- Advírtese que, o Concello dispón de posteriores facultades de comprobación, control e inspección sobre os actos e usos do solo. A responsabilidade solidaria, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado, é atribuída na lexislación a quen promove as obras, a quen ten a propiedade dos terreos, aos empresarios das obras, aos técnicos redactores do proxecto e os directores das obras e da súa execución. (artigo 160.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

3.- Respecto ás comunicacións previas de inicio de actividade, constitúen título habilitante para o exercicio material da actividade desde o mesmo momento da súa presentación, non entanto o devandito efecto de habilitación, non prexulgará en modo algún a situación e o efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que á administración en calquera orde, estatal, autonómico ou local, lle estean atribuídas polo ordenamento sectorial aplicable en cada caso. (Artigo 25 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia).